



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Vedra (Lei 20/2021)

ANUNCIO

Convocatoria, Bases Xerais e Específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta extraordinaria de emprego público do exercicio 2022 do Concello de Vedra para a estabilización do emprego temporal (Lei 9/2021 do 28 de decembro)

Por Resolución da Alcaldía núm. 282/22, do 13 de maio aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Vedra para reducir a temporalidade do emprego público (BOP núm. 94/22, do 19 de maio)

Con data 10 de novembro, por Resolución da Alcaldía núm. 795/22, aprobáronse as Bases Xerais, e con data 15 de decembro, por Resolución da Alcaldía núm. 914/22 aprobouse a convocatoria e as Bases Específicas.

Procédese á publicación do texto íntegro das mesmas:

BASES XERAIS QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO ESTABLECIDO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

PRIMEIRA. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns para a convocatoria polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no art. 2.1 da Lei 20/2021, estiveron ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Sexta da citada Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público respectivamente e en execución da Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 282/2022, do 13 de maio (BOP A Coruña, núm. 94/22, do 19 de maio):

PERSOAL LABORAL

Denominación das prazas	Grupo	Nº de prazas	Sistema de acceso
Axente de emprego e desenvolvemento local	II	1	Concurso
Arquitecto/a Técnico/a	II	1	Concurso
Educador/a familiar	II	1	Concurso
Coordinador/a de cultura	III	1	Concurso
Axente de turismo e medio ambiente	IV	1	Concurso
Monitor/a de ludoteca	IV	2	Concurso
Encargado/a de protección civil, mantemento de espazos naturais e outros	IV	1	Concurso
Limpador/a	V	1	Concurso
Conserxe e servizos múltiples	V	1	Concurso
Operario/a de brigada verde e servizos varios	V	2	Concurso
Operario/a de RSU	V	1	Concurso
Operario/a de servizos varios (augas)	V	1	Concurso
Condutor/a operario/a de maquinaria e servizos	V	1	Concurso
Albanel oficial de 2ª	V	1	Concurso

SEGUNDA. NORMATIVA APLICABLE.

No non previsto nestas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do

Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional don Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

TERCEIRA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de cada convocatoria:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír ou estar en condición de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rexan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente. Así mesmo segundo a Disposición Adicional 6ª do TREBEP ás agrupacións profesionais, Grupo V, non se lles esixirá titulación académica para acceso, salvo que sexa requisito regulado por lei, polo tanto, imprescindible posuíla para desempeñar o posto.

f) Ter abonado a taxa que corresponda á praza á que se opta, conforme ao establecido na Ordenanza Fiscal núm. 6 do concello de Vedra. Esta taxa será ingresada na conta operativa do concello en A Banca (IBAN ES44 2080 0330 1731 1000 0020). No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do/a candidato/a así como a denominación da praza á que se presenta. O pago non poderá ser obxecto de corrección fóra do prazo de presentación de instancias.

Ordenanza Fiscal núm.. 6)Artigo7.Tarifas) Dereitos de exame

DEREITOS DE EXAME	
1.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A1, ou como laboral fixo ao nivel 1	75,00 €
2.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A2, ou como laboral fixo ao nivel 2	70,00 €
3.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación B, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	65,00 €
4.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	60,00 €
5.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	60,00 €
6.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo Outras Agrupacións Profesionais, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	50,00 €

g) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA que corresponda, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, de acordo co indicado nas bases específicas.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 do xullo de 2007, e Orden de 10 do febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega.

h)Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas.

Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias e conservalos durante todo o proceso selectivo.

CUARTA. SOLICITUDES.

4.1 Forma.

Quen desexa tomar parte das probas selectivas cursarán a solicitude segundo modelo normalizado que estará a disposición dos interesados/as nas dependencias administrativas, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Vedra dirixida ao titular da Alcaldía -Presidencia deste concello, conforme ao ANEXO que se incorporará ás correspondentes bases específicas, especificando claramente a praza á que se opta e manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª, referidos sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

4.2 Prazo e lugar de presentación.

As solicitudes poderán presentarse de xeito presencial no Rexistro Xeral deste concello (Avda. Mestre Manuel Gómez, 1, Vedra 15885), ou vía telemática a través da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das convocatorias específicas no Boletín Oficial do Estado, previa publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e do extracto no Diario Oficial de Galicia (DOG).

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas, e o aspirantes deberán comunicar á súa presentación ao correo correo@concellodevedra.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito cando as solicitudes se presenten noutra Administración Pública.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir, para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicárase da forma que determina a disposición adicional sétima de Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O concello será o responsable do tratamento destes datos.

4.3 Documentación.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar copia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Fotocopia da titulación esixida nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame.
- No seu caso, fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento de lingua galega: Celga que corresponda, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, de acordo co indicado nas bases específicas. No caso de non poder acreditar o coñecemento do galego de conformidade coa normativa vixente, poderase facer mediante unha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia: Deberá/n achegarse copia do/s certificado/s do organismo ou ente competente dos servizos prestados no que conste expresamente a denominación da praza e o grupo ou subgrupo ao que pertence a respecto da experiencia alegadas, e copia dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presentes fotocopiados, sen prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Vedra poidan requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 meses, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión en cada caso.

Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello (<https://sede.vedra.es>) e no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda, ditarase pola Alcaldía nova resolución, estimando ou desestimando as reclamacións presentadas e aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello (<https://sede.vedra.es>)

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñezan aos/ás aspirantes posúren os requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que o persoal aspirante admitido supere as probas selectivas.

Contra a resolución da Alcaldía aprobando as listaxes definitivas poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso – administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro que os/as interesados/as estimen oportuno.

Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data na que se constituirá para proceder á valoración dos méritos dos/das aspirantes.

Todas as publicacións posteriores faranse a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vedra.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- Os tribunais cualificadores de cada unha das probas selectivas convocadas, serán designados pola Alcaldía e estarán integrados por cinco membros titulares e os seus suplentes, todos eles con voz e voto, e compóranse por:

- a) Un/unha presidente/a
- b) Tres vogais.
- c) Un/unha secretario/a.

En todo caso a constitución do Tribunal deberá respectar o establecido no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e serán designados entre funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vedra ou doutras Administracións Públicas que desempeñen postos para cuxo acceso se requira unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Na composición do tribunal promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

6.2.- Cando o procedemento selectivo por dificultades técnicas ou doutra índole así o aconsellase, o tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, para todas ou algunha das probas. Os devanditos asesores/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. Así mesmo, os tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse ao órgano competente, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto. O nomeamento dos asesores especialistas e persoal auxiliar publicarase mediante anuncio do Tribunal Cualificador no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal: <https://www.concellodevedra.es/>.

6.3.- Os membros do tribunal, asesores especialistas e persoal auxiliar deberán absterse de intervir e notificaranllo ao órgano convocatorio, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Na sesión de constitución do tribunal, o Presidente esixirá dos membros do tribunal unha declaración formal de non atoparse incursos nestas circunstancias. Esta declaración deberá ser tamén cumprimentada polos asesores especialistas e polo persoal auxiliar que, no seu caso, o tribunal incorpore aos seus traballos. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

6.4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen presenza de polo menos tres dos seus membros. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen os substitúan. O tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate resolverá o Presidente/a co seu voto. Os acordos do tribunal poderán ser impugnados en alzada ante o Alcalde. O tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

6.5.- Durante o desenvolvemento das probas selectivas o tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garantan a boa orde do proceso no non previsto expresamente.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.**Procesos derivados da Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021**

De ser o caso, con carácter previo a proceder á valoración dos méritos, realizarase, nese mesmo día, a proba de coñecemento do galego. A tal fin, sinalarase na mesma resolución a hora e lugar de realización da proba.

O sistema de selección será o de concurso de valoración de méritos acreditados polos aspirantes, sendo a puntuación máxima de 100 puntos conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional: puntuación máxima 90 puntos.

- **Servizos prestados no ámbito da Entidade Local convocante**, en prazas iguais ou similares á que se opta en calidade de persoal temporal. Puntuación 0,94 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

- **Servizos prestados no ámbito da Entidade Local convocante**, en prazas distintas á que se opta, en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,22 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

- **Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas** en prazas iguais ou similares á que se opta, en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,30 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

- **Servizos prestados no resto do sector público** en calidade de persoal temporal. Puntuación: 0,06 puntos por mes completo ou fracción superior a 15 días.

Enténdense por servizos prestados na Administración Pública e resto do sector público os que derivan dunha contratación laboral, ou condición de persoal funcionario interino en calquera das súas modalidades.

A experiencia profesional avaliable é aquela que pode ter a consideración de traballo efectivo na situación de servizo activo ou equivalente pero tamén períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa.

Os servizos prestados a tempo parcial, sempre que sexan ou superen o 50% da xornada, computarán como mes completo e o resto serán valorados proporcionalmente.

b) Outros méritos: puntuación máxima 10 puntos.

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido de ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima será:

Grupo A1: 140 horas (0,072 puntos hora)

Grupo A2: 120 (0,084 puntos hora)

Grupo B: 90 (0,112 puntos hora)

Grupo C1: 70 horas (0,143 puntos hora)

Grupo C2: 60 horas (0,167 puntos hora)

Grupo AP: 50 horas (0,200 puntos hora)

A solicitude irá acompañada de copia do/s certificado/s de servizos prestados no que conste expresamente a denominación da praza e o grupo ou subgrupo ao que pertence a respecto da experiencia alegadas nas diferentes administracións públicas e copia dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

Os méritos que se aleguen deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data. Tan só serán valorados os méritos que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar posteriormente a falta de alegación e proba de méritos.

OITAVA. PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO.

A proba será de carácter obrigatorio e eliminatorio, cualificarase de APTO/NON APTO, e consistirá nunha proba oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía cunha duración máxima de 30 minutos.

Quedan exceptuados da realización deste exercicio, aqueles aspirantes que acrediten a titulación de nivel Celga que corresponda ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente de acordo co indicado nas bases específicas.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS, CUALIFICACIÓN.

9.1.- Finalizado o proceso selectivo, o tribunal publicará na Sede Electrónica e no Taboleiro de Anuncios deste concello, a relación de candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada, así como, de ser o caso, a cualificación de APTO/NON APTO daqueles/as candidatos/as que realizasen a proba de galego.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios na seguinte orde e sucesivamente:

- 1º Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2º Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3º Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º O/a aspirante de maior idade.

9.2.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

9.3.- O Tribunal elevará a proposta ademais da acta da sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento.

9.4.- Será de aplicación o establecido no artigo 61.8 do TREBEP. No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte en orde de puntuación da lista complementaria de reserva que neste caso é a bolsa de emprego ou lista de reserva, segundo a orde de puntuación conseguida.

DÉCIMA. ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS E NOMEAMENTO.

Os/as aspirantes propostos acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días hábiles desde que se publique a relación de candidatos/as á que se refire a base 9.1 no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: <https://sede.vedra.es/> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Como medida apropiada de axilización en virtude do previsto na Disposición Adicional cuarta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; conforme ao artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as Administracións Públicas non requirirán aos interesados datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable ou que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de mediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

Os/as que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten non seu expediente persoal.

No caso de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

As persoas que non superen o proceso selectivo, incluíranse en bolsas de persoal laboral temporal específicas ou xa existentes. No caso das existentes, as persoas que acudan á presente convocatoria ocuparán os primeiros postos da bolsa segundo a orde na que figuren.

UNDÉCIMA. INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DUODÉCIMA. RECURSOS

As presentes bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven destas, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIÓNS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria á provisión de 1 praza de **Axente de Emprego e desenvolvemento local** incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización do emprego temporal do Concello de Vedra, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 282/2022, de data 13 de maio (BOP núm. 94/22, do 19 de maio)

Aprobáronse con carácter xeral e básico as bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na OEP de estabilización do emprego temporal do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA

Clase de Persoal: Laboral Fixo

Denominación: Axente de Emprego e desenvolvemento local

Clasificación: Grupo II (segundo convenio)

Retribucións: as básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación, así como as complementarias fixadas para o posto de adscrición correspondente á RPT vixente (sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variable ás que, de ser o caso, se poda ter dereito)

Funcións: as correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal vixente

Xornada de traballo: completa

Nº vacantes: 1

Código do posto na RPT: 1008

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas e participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, e manter no momento de formalización, contratación e incorporación como persoal laboral fixo, os requisitos de carácter básico establecidos na base terceira das Bases xerais, así como os específicos sinalados a continuación:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación do título universitario de Grao, Licenciatura ou Diplomatura en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Xestión e Administración Pública, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Relacións Laborais ou equivalentes. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, aplicaranse os criterios de homologación e recoñecemento sinalados ao efecto na base terceira das Bases Xerais

b) Estar en posesión ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación do CELGA 4 ou da acreditación do coñecemento da lingua galega equivalente

En todo caso, e con arranxo ao disposto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas que non acrediten estar en posesión de dito nivel de coñecemento da lingua galega, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba alternativa e específica de coñecemento de lingua galega segundo a base terceira das Bases Xerais

Os/as aspirantes que non acrediten posuír o dito nivel de coñecemento do galego ou que, alternativamente, non teñan realizado e superado coa cualificación de apto/a a referida proba específica de galego, serán eliminados do proceso selectivo

4º.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar na convocatoria e no proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, de xeito presencial no Rexistro Xeral deste concello (Avda. Mestre Manuel Gómez, 1, Vedra 15885), ou vía telemática a través da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Xunto coa solicitude (Anexo I) deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar copia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Fotocopia da titulación esixida nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame (70,00 euros)
- No seu caso, fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento de lingua galega: Celga que corresponda, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, de acordo co indicado nas bases específicas. No caso de non poder acreditar o coñecemento do galego de conformidade coa normativa vixente, poderase facer mediante unha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia: Deberá/n achegarse copia do/s certificado/s do organismo ou ente competente dos servizos prestados no que conste expresamente a denominación da praza e o grupo ou subgrupo ao que pertence a respecto da experiencia alegadas, e copia dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presentes fotocopiados, sen prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Vedra poidan requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados

5- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selectivo obxecto da convocatoria desenvolverase polo sistema excepcional de concurso previsto da DA 6ª da Lei 20/2021, que se realizará conforme a dita disposición e ás Bases Xerais.

Os méritos a valorar así como a súa cualificación levarase a cabo de acordo co establecido na base sétima das Bases Xerais

Para superar o proceso selectivo e resultar finalmente seleccionado/a para a cobertura en propiedade da/s praza/s convocadas e adquirir a condición de persoal laboral fixo as persoas aspirantes deberán ter acreditado reunir os requisitos de carácter básico e común da base terceira das Bases Xerais, así como os requisitos específicos sinalados no punto 3 das presentes bases.

Para a efectiva formalización da contratación e incorporación como persoal laboral fixo seguirase a tramitación das bases novena e décima das Bases Xerais

6º.- OUTRAS PREVISIÓNS E NORMAS

No referido ás restantes normas e criterios aplicables ao desenvolvemento desta convocatoria e proceso selectivo estarase ao previsto, ao efecto, nas Bases Xerais

De acordo co art. 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na LO 3/2018. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade. Aos efectos do cumprimento da restante normativa aplicable na materia, toda actuación derivada dos procesos selectivos regulados nestas bases que impliquen publicidade/exposición pública de identificacións nominais serán obxecto das adecuacións pertinentes.

A Resolución aprobatoria destas bases específicas e cantos actos administrativos se deriven delas, así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazo establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 39/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa e/ou calquera outra normativa concordante e vixente ao respecto

ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D/D^a. _____, con DNI núm _____
e domicilio en _____ nº _____ piso _____.
CP _____ localidade _____
Teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO:

PRIMEIRO.- Que desexo participar na CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE _____ PRAZA DE _____, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal

SEGUNDO.- Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar no citado proceso selectivo, segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto, declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta solicitude, comprometéndome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras

Polo que SOLICITO ser admitido/a no proceso selectivo, achegando, para estes efectos, e con arranxo ás bases reguladoras, a seguinte documentación:

*Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade

*Copia do documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases específicas e que se indica a continuación: _____

*Copia do documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega (CELGA ou equivalente) requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado ao respecto nas bases específicas:

SI__

NON__

*Xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame

*Relación de méritos alegados para a súa valoración no concurso segundo as bases reguladoras:

*Achega de documentación acreditativa/xustificativa dos mesmos

*No referido aos servizos prestados no propio Concello convocante, e que na relación de méritos se indican solicito que sexan comprobados de oficio

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL

Administración/posto/praza/categoría(período prestación servizo

2.-OUTROS MÉRITOS

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Vedra; Finalidade: participación en proceso selectivo excepcional de estabilización do emprego temporal. Lexitimación: Cumprimento dunha obriga legal; Destinatarios: No se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal; Dereitos: Teñen dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a correo@concellodevedra.gal; Procedencia: A propia persoa interesada; Información adicional: <https://www.concellodevedra.es/gl/content/politica-privacidade>

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIÓNS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión de **1 praza de Arquitecto/a Técnico/a** incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización do emprego temporal do Concello de Vedra, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 282/2022, de data 13 de maio (BOP núm. 94/22, do 19 de maio)

Aprobáronse con carácter xeral e básico as bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na OEP de estabilización do emprego temporal do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA

Clase de Persoal: Laboral Fixo

Denominación: Arquitecto/a técnico/a

Clasificación: Grupo II (segundo convenio)

Retribucións: as básicas propias do seu grupo/subgrupo de clasificación, así como as complementarias fixadas para o posto de adscrición correspondente á RPT vixente (sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variable ás que, de ser o caso, se poda ter dereito)

Funcións: as correspondentes ao posto e servizo de adscrición, segundo RPT municipal vixente

Xornada de traballo: completa

Nº vacantes: 1

Código do posto na RPT: 2002

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas e participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir á data de remate do prazo de presentación de solicitudes de participación, e manter no momento de formalización, contratación e incorporación como persoal laboral fixo, os requisitos de carácter básico establecidos na base terceira das Bases xerais, así como os específicos sinalados a continuación:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación do título de Arquitecto/a técnico/a ou o título que habilite para o exercicio desta profesión regulada segundo establecen as Directivas Comunitarias. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, aplicaranse os criterios de homologación e recoñecemento sinalados ao efecto na base terceira das Bases Xerais

b) Estar en posesión ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de participación do CELGA 4 ou da acreditación do coñecemento da lingua galega equivalente

En todo caso, e con arranxo ao disposto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas que non acrediten estar en posesión de dito nivel de coñecemento da lingua galega, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba alternativa e específica de coñecemento de lingua galega segundo a base terceira das Bases Xerais

Os/as aspirantes que non acrediten posuír o dito nivel de coñecemento do galego ou que, alternativamente, non teñan realizado e superado coa cualificación de apto/a a referida proba específica de galego, serán eliminados do proceso selectivo

4º.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar na convocatoria e no proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude no modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, de xeito presencial no Rexistro Xeral deste concello (Avda. Mestre Manuel Gómez, 1, Vedra 15885), ou vía telemática a través da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Xunto coa solicitude (Anexo I) deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.

- Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar copia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.

- Fotocopia da titulación esixida nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame (70,00 euros)
- No seu caso, fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento de lingua galega: Celga que corresponda, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, de acordo co indicado nas bases específicas. No caso de non poder acreditar o coñecemento do galego de conformidade coa normativa vixente, poderase facer mediante unha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.
- Relación dos méritos alegados para a súa baremación segundo a orde de baremación establecida en cada un dos apartados.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia: Deberá/n achegarse copia do/s certificado/s do organismo ou ente competente dos servizos prestados no que conste expresamente a denominación da praza e o grupo ou subgrupo ao que pertence a respecto da experiencia alegadas, e copia dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presentes fotocopiados, sen prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Vedra poidan requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados

5- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selectivo obxecto da convocatoria desenvolverase polo sistema excepcional de concurso previsto da DA 6ª da Lei 20/2021, que se realizará conforme a dita disposición e ás Bases Xerais.

Os méritos a valorar así como a súa cualificación levarase a cabo de acordo co establecido na base sétima das Bases Xerais

Para superar o proceso selectivo e resultar finalmente seleccionado/a para a cobertura en propiedade da/s praza/s convocadas e adquirir a condición de persoal laboral fixo as persoas aspirantes deberán ter acreditado reunir os requisitos de carácter básico e común da base terceira das Bases Xerais, así como os requisitos específicos sinalados no punto 3 das presentes bases.

Para a efectiva formalización da contratación e incorporación como persoal laboral fixo seguirase a tramitación das bases novena e décima das Bases Xerais

6º.- OUTRAS PREVISIÓNS E NORMAS

No referido ás restantes normas e criterios aplicables ao desenvolvemento desta convocatoria e proceso selectivo estarase ao previsto, ao efecto, nas Bases Xerais

